



## RESOLUCIÓN SOBRE ANULACIÓN DO CURSO FX12008 MEDIO DE LINGUAXE XURÍDICA GALEGA

### ANTECEDENTES:

1 Con data do 27 de marzo de 2012 publícase no *Diario Oficial de Galicia* a Resolución do 22 de marzo de 2012 pola que se convocan cursos de linguaxe xurídica galega para persoal ao servizo da Administración de xustiza e outros colectivos relacionados coa xustiza, que presten servizos dentro da Comunidade Autónoma.

2 Os cursos de linguaxe xurídica galega contan, cada un deles, con 30 prazas convocadas.

3 Finalizado o prazo de presentación de solicitudes comprobouse que para o dito curso presentáronse 13 solicitudes, das cales só catro cumpren os requisitos esixidos na convocatoria.

### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

De conformidade coa Resolución do 22 de marzo de 2012 pola que se convocan cursos de linguaxe xurídica galega para persoal ao servizo da Administración de xustiza e outros colectivos relacionados coa xustiza, que presten servizos dentro da Comunidade Autónoma.(DOG N°60 do 27 de marzo de 2012) na súa base novena, apartado C dispón:

*c) No suposto de que o número de admitidos sexa inferior ao 50% das prazas convocadas, a EGAP e a Secretaría Xeral de Política Lingüística reserva para si o dereito a suspender, cancelar ou agrupar varias edicións das actividades, caso en que empregarán os medios de notificación ás persoas interesadas previstos na normativa vixente.*



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA



**ESCOLA GALEGA  
DE ADMINISTRACIÓN  
PÚBLICA**

Dado que o número de solicitudes do curso FX12008 Medio de linguaxe xurídica galega, que ía ter lugar en Santiago de Compostela do 02-05-2012 ao 22-06-2012 é inferior ao 50% das prazas convocadas, **RESOLVO:**

1 Anular o curso FX12008 Medio de linguaxe xurídica galega, que ía ter lugar en Santiago de Compostela do 02-05-2012 ao 22-06-2012.

2 Publicar na web da EGAP e notificar aos interesados esta resolución.

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2012.

O director

Pablo Figueroa Dorrego